

ACTA

Da sesión **ordinaria**, en primeira convocatoria, celebrada polo **Pleno** desta Deputación o día,

28 de novembro de 2025

No Salón de sesións da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as doce horas do día vinte e oito de novembro de dous mil vinte e cinco, baixo a presidencia do Ilmo. Sr. Presidente D. Luis López Diéguez (PP), reuníronse as/os Señoras/es deputadas/os electos D. Gregorio Luis Agís Gómez (PSdeG-PSOE), D. Roberto José Álvarez Carrero (PP), D^a. Paula Bouzós Barros (PP), D^a. Belén Cachafeiro Anta (PP), D. Juan Pablo Castillo Amigo (PP), D. Jorge Cubela López (PP), D. Rafael Domínguez Artime (PP), D. Paco Ferreira González (PSdeG-PSOE), D. Gorka Gómez Díaz (PSdeG-PSOE), D. Carlos Gómez Prado (PSdeG-PSOE), D. Marcos Guisasola Padín (PP), D^a. Ana Laura Iglesias González (PSdeG-PSOE), D. Javier Iglesias Mougán (PSdeG-PSOE), D^a. Beatriz Lomba Rodríguez (BNG), D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso (PP), D. Ricardo Martínez Chantada (PP), D^a. Ana María Mejías Sacaluga (PSdeG-PSOE), D^a. María Ortega Iñarrea (BNG), D^a. María Pilar Ramallo Vázquez (PP), D^a. Digna Rosa Rivas Gómez (PSdeG-PSOE), D^a. María Manuela Rodríguez Pumar (BNG), D^a. Nuria Rodríguez Rodríguez (PSdeG-PSOE), D^a. Luisa Sánchez Méndez (PP), D. Javier Tourís Romero (PP), D. Jesús Vázquez Almuíña (PP), co obxecto de celebrar sesión ordinaria, do Pleno da Deputación, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Non asiste D. Xosé Cesáreo Mosquera Lorenzo (BNG).

Da fe do acto o Secretario, D. Carlos Cuadrado Romay, e está presente o Sr. Interventor, D. Antonio Graña Gómez.

As intervencións desta sesión quedarán recollidas no Diario de sesións (Vídeo actas), de acordo co disposto no artigo 29 do Regulamento Orgánico desta Deputación.



Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.8538.- **ACTAS ANTERIORES**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/wouEeimRRydM5YYWvfY3vmHLXDS4CNISnAds1GaMd6NNTShm>

Acórdase, por unanimidade, aprobar os borradores das actas das anteriores sesións, ordinaria de 31 de outubro e extraordinaria de 7 de novembro.

a) Parte resolutiva:

2.8539.- **ACEPTACIÓN DA ENCOMENDA DE XESTIÓN DAS TAREFAS DE APOIO E ASISTENCIA TÉCNICA NA CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA FACHADA DO EDIFICIO DO CENTRO ASOCIADO Á UNED DE PONTEVEDRA E APROBACIÓN DO CONVENIO REGULADOR DA MESMA (EXPTES. 2025075566 - 2021054415)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/NiUGGvG9GMmHjCGKkt9TJNIFr9p1deeOnJgmVwamowRahclG>

O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra - entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica propia, da que forma parte a Deputación de Pontevedra desde a súa constitución en decembro de 2016- precisa acometer a reparación da fachada do seu edificio, que, despois de case cincuenta anos de funcionamento, presenta un deterioro importante, constituíndo un perigo para o alumnado.

Aproveitando dita reparación, pretende implementar medidas de mellora da eficiencia enerxética do edificio, que reducirían considerablemente a demanda enerxética anual de calefacción, refrixeración, emisións anuais de CO₂, etc., e o



converterían nun edificio máis sustentable desde o punto de vista medio ambiental.

O papel fundamental deste Centro no desenvolvemento científico, cultural, social e económico e da investigación e da formación profesional tanto da sociedade española como a daqueles países cos que manteña actividades e relacións de cooperación, redunda de xeito evidente nos intereses peculiares da provincia, que a Deputación debe preservar e fomentar.

Neste contexto, con data 17 de xullo de 2025, a Xunta Reitora do Consorcio, no eido do disposto no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, por razóns de eficacia, e á vista de que carece dos medios técnicos idóneos para elo, acorda encomendar á Deputación de Pontevedra as tarefas de apoio e asistencia técnica na tramitación dos expedientes de contratación necesarios para as actuacións de mellora da eficiencia enerxética na fachada do seu edificio de Pontevedra.

Tendo en conta que a Deputación dispón de servizos con capacidade técnica suficiente para xestionar os procedementos de contratación e apoiar na execución das obras obxecto da encomenda.

Tendo en conta o artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en diante, LRJSP), que establece o seguinte:

«1. A realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de Dereito Público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades de Dereito Público da mesma ou de distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

As encomendas de xestión non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos regulados na lexislación de contratos do sector público. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto nesta.

2. A encomenda de xestión non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do órgano ou entidade encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

En todo caso, a entidade ou órgano encomendado terá a condición de encargado do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da



encomenda de xestión, séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal.

3. A formalización das encomendas de xestión axustarase ás seguintes regras: (...)

- b) Cando a encomenda de xestión se realice entre órganos e entidades de dereito público de distintas Administracións formalizarase mediante firma do correspondente convenio entre elas, que deberá ser publicado no «Boletín Oficial do Estado», no Boletín oficial da Comunidade Autónoma ou no da Provincia, segundo a Administración a que pertenza o órgano encomendante, salvo no suposto da xestión ordinaria dos servizos das Comunidades Autónomas polas Deputacións Provinciais ou no seu caso Cabidos ou Consellos insulares, que se rexerá pola lexislación de Réxime Local.»

Tendo en conta que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Tendo en conta os artigos 33.2.ñ) e 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 107.1.k) e 215.3.n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, segundo os cales a competencia para aceptar as encomendas de xestión realizadas por outras Administracións corresponderá ao Pleno da Corporación, mediante acordo adoptado por maioría absoluta do número legal de membros.

Tendo en conta o artigo 173 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal serán preceptivos os informes previos da Secretaría e da Intervención.

Tendo en conta o informe favorable da Secretaría Xeral, de data 24 de xaneiro de 2025.

Tendo en conta a dilixencia favorable da Intervención, de data 18 de xuño de 2025.

Por todo o exposto, o Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda



por maioría, cos votos a favor do PP e do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

- 1.- Aceptar a encomenda de xestión á Deputación de Pontevedra das tarefas de apoio e asistencia técnica na contratación das actuacións de mellora da eficiencia enerxética da fachada do edificio do Centro Asociado da UNED de Pontevedra, acordada, con data 17 de xullo de 2025, pola Xunta Reitora do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED de Pontevedra.
- 2.- Aprobar o texto do Convenio no que se formalizará a encomenda de xestión (código CSV: KU6ZBEH7XKLEQQFD), co seguinte teor literal:

«CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E O CONSORCIO UNIVERSITARIO DO CENTRO ASOCIADO Á UNIVERSIDADE DE EDUCACIÓN A DISTANCIA DE PONTEVEDRA, PARA A ENCOMENDA DE XESTIÓN Á DEPUTACIÓN DAS TAREFAS DE APOIO E ASISTENCIA TÉCNICA NA CONTRATACIÓN DAS ACTUACIÓNS DE MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NA FACHADA DO CENTRO.

Pontevedra, a data do documento electrónico

REUNIDOS

Dunha parte, o Ilmo. Sr. Luis López Diéguez, Presidente da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra, actuando no seu nome e representación, en virtude das competencias que lle confiren os artigos 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 105.1.a) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia.

Doutra, o Sr. D. Víctor Manuel González Sánchez, Director do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, actuando no seu nome e representación, en virtude das funcións que lle confire o artigo 21 dos Estatutos do Consorcio Universitario do Centro Asociado da UNED en Pontevedra, de data 13 de decembro do 2016.

Actúa como fedatario público o Sr. Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral da Excma. Deputación Provincial de Pontevedra.

Ambas as partes, que comparecen electronicamente, recoñécense mutuamente capacidade xurídica para subscribir o presente convenio, e, a tal efecto,

EXPONENTE



I.- Que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (en diante, LRXSP), 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (en diante, LRBRL), e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia (en diante, LALGA).

II.- Que o artigo 36 LRBRL, e os artigos 109 e 110 LALGA encomendan ás Deputacións a que cooperen no fomento do desenvolvemento económico e social, e na administración dos intereses peculiares da provincia.

III.- Que o Centro Asociado á UNED de Pontevedra, constituído en Consorcio Universitario o 13 de decembro de 2016, como entidade de dereito público dotada de personalidade xurídica propia e capacidade de obrar para o cumprimento dos seus obxectivos, abriu as súas portas en xaneiro do ano 1973, na sede provincial da Residencia Virxe Peregrina, grazas á actividade promotora da Deputación Provincial, Concello de Pontevedra e Caixa Provincial de Aforros de Pontevedra.

En outubro de 1987 trasladouse definitivamente á súa actual sede en Monteporreiro, que conta cunha planta de 7.000 m², distribuída en tres andares, e está situado na antiga leira Monteporreiro, un espazo de máis de vinte mil metros cadrados, único pola singularidade das súas especies arbóreas e que a principios do século pasado acubillou un magnífico balneario.

IV.- Que no momento actual, despois de case cincuenta anos de funcionamento, a parte externa do edificio presenta un deterioro importante debido ao paso do tempo, atopándose en mal estado o morteiro monocapa da fachada, que está a desprenderse, constituíndo un perigo para o alumnado.

A reparación da fachada aconsella adoptar medidas de mellora da eficiencia enerxética do edificio, que reducirían considerablemente a demanda enerxética anual de calefacción, refrixeración, emisións anuais de CO₂, etc., e o converterían nun edificio máis sustentable desde o punto de vista medio ambiental.

Para isto, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra pretende mellorar o aislamiento e estanqueidade do edificio, eliminando pontes térmicas, mediante o cambio das xanelas e portas exteriores; substituír a terraza, e integrar enerxías renovables coa instalación de placas fotovoltaicas para autoconsumo.

A mellora da seguridade e eficiencia enerxética da fachada do edificio do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra, sede provincial desta Universidade Pública, redundará de xeito evidente e positivo en beneficio da cidadanía da provincia, convertendo este antigo edificio nun edificio máis moderno e confortable para as súas usuarias/os, máis seguro, e máis sustentable desde o punto de vista medioambiental, reducindo consumos anuais de enerxía, costes, e emisións anuais de CO₂.



A Deputación Provincial, que é parte no Consorcio Universitario do Centro, comparte este interese, dada a importancia deste centro no desenvolvemento social, laboral, económico e cultural da provincia.

V.- Que as actuacións conlevar unha complexa tramitación administrativa canto á obtención de licenzas e aos expedientes de contratación necesarios para a súa implementación, que abarca a redacción do proxecto, execución e dirección das obras.

O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra carece dos medios materiais e persoais suficientes para desenvolver dita tramitación, precisando de asistencia técnica cualificada.

A Deputación de Pontevedra, pola súa parte, dispón de servizos con capacidade técnica suficiente para xestionar os procedementos de contratación e apoiar na execución das obras obxecto da encomenda.

VI.- Por razóns de eficacia e, ao non dispor os medios técnicos nin persoais idóneos para o seu desempeño, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra considera conveniente conferir á Deputación de Pontevedra, unha encomenda de xestión conforme o previsto no artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (en diante, LRJSP), que establece que: *«a realización de actividades de carácter material ou técnico da competencia dos órganos administrativos ou das Entidades de Dereito Público poderá ser encomendada a outros órganos ou Entidades de Dereito Público da mesma ou de distinta Administración, sempre que entre as súas competencias estean esas actividades, por razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño»*.

Ambas as partes consideran necesario formalizar un convenio de encomenda de xestión para o mellor exercicio das súas competencias e funcións.

Polo exposto, de conformidade co artigo 11 da LRJSP, as partes acordan subscribir o presente convenio de encomenda de xestión, que se rexerá polas seguintes:

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto da encomenda.

Encoméndase á Deputación de Pontevedra a realización de tarefas de apoio e asistencia técnica no eido da tramitación dos expedientes de contratación necesarios para desenvolver unha actuación de mellora da eficiencia enerxética da fachada do edificio do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e outras melloras (zona descanso/actividade, aseo baixo aula magna e estudar posibilidade de aumentar algún aula máis na parte de semisotano).

A tramitación realizarase en dúas fases: a fase I comprenderá a contratación da redacción do proxecto e dirección de obra, e a fase II a contratación da execución das obras.



Segunda.- Ámbito de aplicación subxectivo.

Son partes da presente encomenda de xestión, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra como entidade encomendante, e a Deputación de Pontevedra, como administración encomendada.

Terceira.- Titularidade das actividades encomendadas.

Conforme ao disposto o artigo 11.2 da LRJSP, esta encomenda non supón a cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade da entidade encomendante ditar cuantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto de encomenda.

Cuarta.- Actuacións que se encomendan á Deputación de Pontevedra.

O Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra encomenda a Deputación de Pontevedra a xestión da contratación das actuacións de mellora de eficiencia enerxética da fachada do edificio do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e outras melloras (zona descanso/actividade, aseo baixo aula magna e estudar posibilidade de aumentar algún aula máis na parte de semisótano).

O contido da encomenda será a realización de actuacións e tarefas de apoio e asistencia material de persoal na preparación, licitación, adxudicación e formalización dos contratos para a redacción do proxecto, execución e dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade, e na recepción e liquidación dos contratos, mediante persoal técnico designado polo servizo de Arquitectura da Deputación. Ditos traballos deberán ser desempeñados por persoal que preste servizos na Deputación de Pontevedra.

En concreto, as funcións de apoio administrativo serán as seguintes:

- 1) Apoio na tramitación económico-administrativa dos expedientes de contratación para a redacción do proxecto, execución e dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde e control de calidade, ademais de, no seu caso, na tramitación ante o Tribunal Administrativo de Recursos Contractuais de Galicia (TACGAL) en caso de recurso especial en materia de contratación.
- 2) Apoio na licitación electrónica dos expedientes de contratación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (<https://contrataciondelestado.es>), que implica a custodia electrónica das ofertas polo sistema e a apertura e avaliación electrónica da documentación.
- 3) Seguimento e supervisión dos traballos de redacción do proxecto básico e de execución.
- 4) Apoio na resolución de incidencias e consultas dos interesados durante o procedemento de contratación e execución das obras.
- 5) Asesoramento na tramitación dos permisos e autorizacións necesarios para a execución das obras.
- 6) Apoio na recepción das obras, mediante persoal técnico designado polo Servizo de Arquitectura da Deputación.



- 7) Apoio na resolución das incidencias imputables ao contratista pola execución defectuosa da obra durante o período de garantía e ata a liquidación do contrato (penalidades, suspensións, ampliacións de prazo, desistimento, renuncia ...).

Quinta.- Obrigas do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra. Para a execución das actuacións que se encomendan, o Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra, asumirá as seguintes obrigas:

- 1) Ditar os actos ou resolucións de carácter xurídico que dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da presente encomenda de xestión.
- 2) Facilitar á Deputación de Pontevedra a información e documentación vinculada co procedemento de contratación que esta requira para o cumprimento das funcións encomendadas.
- 3) Facilitar unha memoria técnica na que se concrete o programa de necesidades a satisfacer e actuacións imprescindibles que se deberán contemplar, de xeito que permita á Deputación a redacción dos pregos para a contratación do proxecto de execución.
- 4) Obter e manter en vigor as licencias, así como os permisos e autorizacións que sexan precisas para levar a cabo a obra, facéndose cargo dos costes que poidan conlevar.
- 5) Levar a cabo o mantemento e conservación da infraestrutura obxecto do convenio, como titular do ben obxecto deste convenio.
- 6) Prestar a colaboración e facilitar tanta documentación se lle requira no exercicio das funcións de fiscalización e control que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.
- 7) Darlle a adecuada publicidade a este convenio, de tal xeito que quede constancia que a as actuacións obxecto do convenio leváronse a cabo en colaboración coa Deputación de Pontevedra.

Sexta.- Financiamento.

Corresponderá ao Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra a autorización e compromiso dos gastos, conforme ao previsto no artigo 19 dos seus Estatutos, aprobados con data 13 de decembro de 2016, así como o recoñecemento de obrigas e pagamento que se deriven das actuacións contempladas no presente Convenio, que comprenderán as seguintes:

Redacción do proxecto e dirección de obras (Fase I).

Execución da obra (fase II), Seguridade e saúde e Control de calidade.

A financiación da totalidade dos gastos derivados dos contratos que se realicen mediante a encomenda de xestión, así como os custos de xestión dos mesmos, IVE incluído, correrán a cargo dos orzamentos do Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra, que asumirá as obrigacións de gasto, a aprobación de facturas e certificacións e o pagamento material.



Calquera incidencia que poida xurdir no desenvolvemento das obras, por causas imprevistas e que obriguen a unha modificación do proxecto e se produza un incremento do custo, será financiadas tamén polo Consorcio Universitario do Centro Asociado á UNED de Pontevedra previa aprobación do seu órgano competente.

Sétima.- Seguimento e control.

Para o correcto seguimento, vixilancia e control da execución do presente Convenio, e dos compromisos adquiridos polas partes, constituirase unha Comisión Mixta, que resolverá tamén os problemas de interpretación e cumprimento que puideran xurdir.

Esta Comisión estará formada por dúas persoas representantes do Centro Asociado da UNED en Pontevedra e dúas representantes da Deputación de Pontevedra, designadas, respectivamente, por ambas entidades.

As normas de funcionamento serán as que a propia Comisión estableza e, supletoriamente, rexerase pola Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, debéndose reunir dentro do prazo de tres días, a contar desde a petición expresa realizada por calquera das partes.

As funcións desta Comisión serán as seguintes:

- a) Comprobar que as actuacións e actividades derivadas da execución do presente Convenio de Cooperación axústanse aos obxectivos recollidos no mesmo, velando polo seu concreto cumprimento.
- b) Interpretar este Convenio de Cooperación, resolvendo as posibles incidencias que puidesen xurdir no seu desenvolvemento e propor as modificacións que poidan servir para o logro dos obxectivos propostos.
- c) Cantas outras se consideren oportunas para a mellor consecución dos obxectivos do Convenio.

Das reunións da Comisión levantarase acta na que se reflictan de maneira escrita e detallada os acordos adoptados polos seus membros e o seguimento dos mesmos.

Dentro do quince días seguintes á sinatura do presente Convenio de Cooperación, ambas as partes comunicaranse por escrito, o nome dos seus representantes na Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento.

No caso de incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistise o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

Oitava.- Vixencia e eficacia do Convenio.



O presente Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das Partes mediante a súa sinatura.

A duración do Convenio será de dous anos contados a partir do día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

En calquera momento antes do seu vencemento, as partes asinantes do Convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga anual, ata alcanzar o máximo de dous anos adicionais, ou a súa extinción.

Novena.- Extinción e resolución do Convenio.

O Convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.
- c) A persistencia no incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes, unha vez transcorrido o prazo indicado no requirimento que lle notificara a outra parte para que cumprira nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideraron incumpridos.
- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do Convenio.

O cumprimento e a resolución do Convenio dará lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes.

Non obstante o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do Convenio existen actuacións en curso de execución, as partes, a proposta da Comisión de seguimento, vixilancia e control do Convenio, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización, transcorrido o cal deberá realizarse a liquidación das mesmas nos termos establecidos no apartado anterior.

Décima.- Protección de datos.

Os datos persoais que se recollen no presente Convenio, e os que se deriven da súa execución, serán tratados unicamente aos efectos de levar a bo fin o presente Convenio. Ambas as Partes comprométense a tratar os mesmos conforme ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE e demais normativa de desenvolvemento, e na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

A Deputación de Pontevedra terá a condición de encargada do tratamento dos datos de carácter persoal aos que puidese ter acceso en execución da encomenda de xestión, séndolle de aplicación o disposto na normativa de protección de datos de carácter persoal segundo o disposto na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos



Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo primeira.- Confidencialidade.

As partes acordan tratar confidencialmente todos os datos, a documentación e a información que fose fornecida á outra parte durante a vixencia do presente Convenio. Ambas as partes tamén acordan non divulgar esta información a ningunha persoa ou entidade, exceptuando os seus administradores, directivos traballadores e asesores, coa condición de que tamén manteñan a confidencialidade e só na medida en que sexa necesario para a correcta execución deste Convenio.

O acordo de confidencialidade seguirá vixente incluso despois da extinción deste Convenio, sexa cal for a causa da devandita extinción.

Todo iso sen prexuízo do debido cumprimento, por ambas as partes, en atención á súa propia natureza, das obrigas de publicidade e transparencia derivadas de normativa aplicable, en especial da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno así como o cumprimento do calquera requirimento legalmente esixible a calquera das partes.

Décimo segunda.- Natureza xurídica e xurisdición.

O presente Convenio ten natureza administrativa, de conformidade coa Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Neste sentido, e de acordo co disposto no artigo 6 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, este convenio queda fóra do ámbito de aplicación da citada Lei.

As controversias que puidesen xurdir resolveranse de mutuo acordo entre as partes no seo da Comisión Mixta de Seguimento. Na súa falta, os órganos xurisdicionais da orde contenciosa administrativo serán competentes para dirimir os conflitos a que a execución do presente Convenio puidese dar lugar.

Lido o presente documento, préstanlle as persoas comparecentes o seu consentimento, e asínano comigo, o Secretario Xeral, que dou fe de todo o contido no mesmo, na data que figura no documento electrónico e no lugar sinalado no encabezamento.»

3.- Facultar ao Ilmo. Sr. Presidente para a sinatura do Convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a formalización da presente encomenda de xestión.

4.- Ordenar a súa publicación, unha vez formalizada, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.



3.8540.- **CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A
CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E
XUVENTUDE E ESTA DEPUTACIÓN PARA A
CONTINUACIÓN DAS OBRAS NO TEATRO FRAGA
DE VIGO (EXPTES. 2025075331 - 2025073334)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Li8Uetn2jxAzLfIErQwQPCR7ow4UvHm4YQaHRDS5x1VizPGX>

A Consellería de Cultura Lingua e Xuventude, para o cumprimento dos seus fins en materia de cultura, e coa colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra, pretende dotar á cidade de Vigo dun centro de desenvolvemento cultural pioneiro, tanto en Galicia, coma no noroeste de España, mediante a realización de obras e posta en valor do Teatro Cine Fraga.

A compra deste edificio foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia en setembro de 2024, e aceptada mediante acordo do Pleno desta Corporación, adoptado na súa sesión ordinaria do día 27 de setembro de 2025, sendo a participación da propiedade da Xunta de Galicia do 51% e a da Deputación de Pontevedra do 49%.

O edificio, considerado unha xoia da arquitectura civil galega, foi proxectado polo arquitecto Luis Gutiérrez Soto en 1942, por encargo do empresario Isaac Fraga Penedo, un dos exhibidores cinematográficos máis importantes de Galicia naquela época. O edificio inaugurouse o 27 de marzo de 1948 e, en catro áreas diferenciadas, acollía os seguintes usos: sala de teatro e cine, sala de festas, salón de té e oficinas.

En xuño de 2001, Caixa Galicia adquiriu o inmovible co fin de establecer en Vigo unha sede permanente onde desenvolver actividades de carácter sociocultural. O seu propietario proxectou a rehabilitación deste edificio a partir do ano 2005, e os traballos, aínda que están comezados e dirixidos polo arquitecto César Portela, non chegaron a rematarse, debido á desaparición da entidade bancaria e á crise económica.

Neste contexto, pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra considerouse a necesidade e



oportunidade de subscribir un Convenio de Colaboración, co obxecto de sentar as bases de colaboración entre as partes asinantes para darlle continuidade ás obras do Teatro Cine Fraga, logo da súa adquisición, dotando á cidade de Vigo dun centro de desenvolvemento cultural pioneiro tanto en Galicia coma no noroeste de España, dando cumprimento ao servizo público da cultura en sentido amplo, e tendo en conta a proporción e porcentaxe de titularidade de cada unha das institucións no citado inmobile.

Tendo en conta que as obras proxectadas, que se estaban a realizar no edificio antes da súa adquisición conxunta pola Xunta e a Deputación, non se remataron, e que o edificio quedou pechado máis de 15 anos; é por iso que, para darlle cumprimento ao servizo público da cultura en sentido amplo, correspóndelle ás administracións implicadas, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Deputación Provincial de Pontevedra, impulsar e promover a continuación das obras do Teatro Cine Fraga, a fin de converter os seus máis de 7.000 m² nun centro cultural de referencia, con diferentes espazos moi definidos, como son o teatro con capacidade para máis de 1.500 butacas, con foso de orquestra; o espazo que ocupaba a antiga sala de festas; e outros ámbitos diferentes para salas de reunións e de traballo en grupo.

Segundo se expón no preámbulo do texto do Convenio, o carácter emblemático e simbólico do Teatro Fraga para a cidade de Vigo é incuestionable, así como a relevancia que terá reabrilo e dispoñer dun espazo desas características, en canto a tamaño e diversidade de espazos interiores, dedicado a usos culturais da máxima intensidade abertos á cidadanía. A sociedade civil reclamou en reiteradas ocasións, ao longo destes anos de peche, que o edificio retomase a súa actividade, e que non se perdese o importante capital histórico e o seu simbolismo para a historia da cidade. Ademais, a cidade de Vigo presenta un importante déficit de proxectos culturais significativos e relevantes. Se o comparamos con outras cidades galegas, os proxectos culturais de envergadura en Vigo son escasos. As obras deste inmobile fanse, en primeiro lugar, para recuperar como espazo público un inmobile simbólico e referencial para Vigo e Galicia, unha xoia da arquitectura civil de Galicia pechado desde 2001 e, tamén, en segundo lugar, para contar cun proxecto cultural de envergadura e continuidade no tempo na cidade de Vigo, liderado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra.



Visto que con data 5 de novembro de 2025, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia remite o borrador do Convenio (CSV: FX2K76W0LALMDPFA) para a súa tramitación (Rexistro entrada núm. 2025020705, de 05/11/2025).

Vista a providencia de inicio do deputado delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, de 6 de novembro de 2025 (CSV: 62O2XPT1T69UDZ6F), que propón a aprobación do presente convenio, cun prazo de duración de catro anos, prorrogables ata outros catro adicionais, e un orzamento correspondente á Deputación de 10.204.323,63 euros (IVE engadido), a financiar con cargo á aplicación orzamentaria 922.3340.632.01.

Vista a Memoria xustificativa do xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de 6 de novembro de 2025 (CSV: WMAF7DSSWYZEM97U), que conclúe que resulta legalmente factible a subscrición do presente Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Pontevedra, sendo procedente a súa tramitación e subscrición polas partes intervenientes, ao amparo dos preceptos mencionados nas consideracións xurídicas da devandita Memoria.

Tendo en conta que os convenios entre as Administracións Públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal como establecen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Tendo en conta os artigos 33.2.ñ) e 47.2.h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e os artigos 107.1.k) e 215.3.n) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, segundo os cales a competencia para a aprobación dos convenios de cooperación horizontal, en tanto conlevar unha transferencia de funcións a outras Administracións Públicas, corresponderá ao Pleno da Corporación, mediante acordo adoptado por maioría absoluta do número legal de membros.

Tendo en conta o artigo 173 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, que aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime



Xurídico das Entidades Locais, segundo o cal serán preceptivos os informes previos da Secretaría e da Intervención.

Tendo en conta o informe xurídico do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio, de data 6 de novembro de 2025 (CSV:0NTCJDSHS1Q9UQFN), conformado pola Secretaría Xeral con data 11 de novembro de 2025, que conclúe que “Resulta legalmente factible a subscrición do presente Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Pontevedra, sendo procedente a súa tramitación e subscrición polas partes intervenientes, ao amparo dos preceptos mencionados nas consideracións xurídicas do presente Informe. O órgano competente para a aprobación do convenio é o Pleno da Deputación, requiríndose para elo o quórum da maioría absoluta do número legal de membros. Unha vez formalizado o convenio debe ser obxecto de publicidade no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Portal de Transparencia”.

Tendo en conta o informe favorable da Intervención, de data 18 de novembro de 2025 (CSV: X4F058F2D4IUDFS7), conforme ao cal o gasto derivado das actuacións recollidas no convenio, cun orzamento total de 20.825.150,28 euros, será financiado pola Deputación cunha achega que ascende a un importe total de 10.204.323,63 euros, correspondente á súa porcentaxe na titularidade do inmovible (49%). Na aplicación orzamentaria 25/922.3340.632.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2025073334, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte ao gasto correspondente á anualidade 2025, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12025000221534, por importe de 80.660,03 euros. No que respecta ao gasto correspondente ás anualidades 2026, 2027 e 2028, no vixente orzamento provincial realízase a previsión futura de retención de crédito para eses exercicios mediante os correspondentes documentos RC_FUT, debendo quedar condicionado o gasto para todas as anualidades futuras á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias, que serán, no seu caso, a 26/922.3340.632.01 (1.181.801,63€), 27/922.3340.632.01 (4.967.712,03€) e 28/922.3340.632.01 (3.974.149,94€). A cantidade restante, por importe total de 10.620.826,65€, correspóndese coa porcentaxe na titularidade do inmovible da Xunta de Galicia (51%), que licitará e executará actuacións recollidas no convenio.



Por todo o exposto, o Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP, cos votos en contra do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG:

1. Autorizar o gasto de 10.204.323,63 euros, para facer fronte ás obrigas derivadas da subscrición do “Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuación das obras no Teatro Fraga de Vigo”, do cal o importe de 80.660,03 euros financiarase con cargo á aplicación 25/922.3340.632.01 do vixente orzamento provincial, e o resto conforme ao seguinte cadro de financiamento:

Actuación	Importe (IVE engadido)	Aplicación orzamentaria	Anualidades			
			2025	2026	2027	2028
Licitación do proxecto básico de execución e dirección de obra	492.129,53€	922.3340.632.01	80.660,03€	210.582,22€	111.614,98€	89.272,30€
Licitación e execución das obras	9.524.938,50€	922.3340.632.01	---	952.493,85€	4.762.469,25€	3.809.975,40€
Licitación dos servizos de dirección de execución material da obra e de coordinación de seguridade e saúde	187.255,60€	922.3340.632.01	----	18.725,56€	93.627,80€	74.902,24€
TOTAL	10.204.323,63€	922.3340.632.01	80.660,03€	1.181.801,63€	4.967.712,03€	3.974.149,94€

A contía correspondente a cada unha das anualidades será ingresada pola Deputación de Pontevedra na conta designada ao efecto pola Xunta de Galicia, de acordo co ritmo de execución das actuacións e porcentaxe de cofinanciamento correspondente (49%), no prazo de 30 días desde a data de



achega da documentación xustificativa correspondente pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, polo que o cadro de financiamento previsto poderá sufrir variacións.

O importe correspondente ás anualidades 2026 e seguintes quedará condicionado á aprobación dos seus respectivos orzamentos e á existencia de crédito axeitado e suficiente nas correspondentes aplicacións orzamentarias que serán, no seu caso, a 26/922.3340.632.01 (1.181.801,63€), 27/922.3340.632.01 (4.967.712,03€) e 28/922.3340.632.01 (3.974.149,94€).

2. Aprobar o “Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Deputación Provincial de Pontevedra para a continuación das obras no Teatro Fraga de Vigo” (código CSV: FX2K76W0LALMDPFA), co seguinte teor literal:

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, PARA A CONTINUACIÓN DAS OBRAS NO TEATRO CINE FRAGA DE VIGO.

REUNIDOS

Dunha parte a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e no seu nome e representación D. José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra parte a Deputación Provincial de Pontevedra, e no seu nome e representación D. Luís López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, en virtude do nomeamento efectuado en sesión plenaria constitutiva de data 6 de xullo de 2023, e polas competencias que lle confire o artigo 34.1.b da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e artigos concordantes da Lei 8/1997, do 22 de xullo, das Administracións Locais de Galicia.

Actúa don Carlos Cuadrado Romay, en calidade de Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra, dando fe do acto que se celebra.

As partes recoñécense capacidade legal e xurídica suficiente para formalizar o presente convenio e, para tal efecto,



EXPOÑEN

Segundo o Decreto 146/2024, do 20 de maio, polo que se establece a súa estrutura orgánica, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude configúrase como o departamento superior da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias en materia de promoción e difusión da cultura e a protección e promoción do patrimonio cultural de Galicia, de conformidade co establecido na Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, pola que se aproba o Estatuto de autonomía de Galicia, e na demais normativa que sexa de aplicación.

Neste contexto, a Consellería de Cultura Lingua e Xuventude para o cumprimento dos seus fins en materia de cultura, e coa colaboración da Deputación Provincial de Pontevedra, pretende dotar á cidade de Vigo dun centro de desenvolvemento cultural pioneiro tanto en Galicia coma no noroeste de España mediante a realización de obras e posta en valor do Teatro Cine Fraga. A compra deste edificio foi autorizada polo Consello da Xunta de Galicia en setembro de 2024, sendo a participación da propiedade da Xunta de Galicia do 51% e a da Deputación de Pontevedra do 49%.

O edificio foi proxectado polo arquitecto Luis Gutiérrez Soto en 1942, por encargo do empresario Isaac Fraga Penedo, un dos exhibidores cinematográficos máis importantes de Galicia naquela época. O edificio inaugurouse o 27 de marzo de 1948 e en catro áreas diferenciadas, acollía os seguintes usos: sala de teatro e cine, sala de festas, salón de té e oficinas.

O edificio ten un carácter rexionalista, aínda que inclúe elementos decorativos da arquitectura histórica galega, como se pode apreciar na galería superior de arcos enlazados, con influencia da fachada do tesouro do claustro da Catedral de Santiago, ou na composición e decoración dos ocos do balcón da rúa Uruguai, similares aos do Hostal dos Reis Católicos, ademais de elementos barrocos.

A estrutura interna é de formigón e os muros son de granito do país, deixando a pedra de máxima calidade para os elementos decorativos. Tamén cómpre destacar o gran pórtico partido de formas rectangulares e decoración neobarroca na fachada da rúa Uruguai, polo que se accede ao interior. O edificio, no seu conxunto, está considerado unha xoia da arquitectura civil galega.

En xuño de 2001, Caixa Galicia adquiriu o inmovible co fin de establecer en Vigo unha sede permanente onde desenvolver actividades de carácter sociocultural. O seu propietario proxectou a rehabilitación deste edificio a partir do ano 2005 e os traballos aínda que están comezados e dirixidos polo arquitecto César Portela, non chegaron a rematarse debido á desaparición da entidade bancaria e á crise económica.

Tendo en conta que as obras que se estaban a realizar no edificio proxectadas non se remataron e o edificio quedou pechado máis de 15 anos, é por iso que, para darlle cumprimento ao servizo público da cultura en sentido amplo, correspóndelle ás



administracións implicadas, Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e Deputación Provincial de Pontevedra, impulsar e promover a continuación das obras do Teatro Cine Fraga, a fin de converter os seus máis de 7.000 m² nun centro cultural de referencia, con diferentes espazos moi definidos, como son o teatro con capacidade para máis de 1.500 butacas, con foso de orquestra; o espazo que ocupaba a antiga sala de festas; e outros ámbitos diferentes para salas de reunións e de traballo en grupo.

O carácter emblemático e simbólico do Teatro Fraga para a cidade de Vigo é incuestionable, así como a relevancia que terá reabrilo e dispoñer dun espazo desas características, en canto a tamaño e diversidade de espazos interiores, dedicado a usos culturais da máxima intensidade abertos á cidadanía.

A sociedade civil reclamou en reiteradas ocasións, ao longo destes anos de peche, que o edificio retomase a súa actividade, e que non se perdesen o importante capital histórico e o seu simbolismo para a historia da cidade. Ademais, a cidade de Vigo presenta un importante déficit de proxectos culturais significativos e relevantes. Se o comparamos con outras cidades galegas, os proxectos culturais de envergadura en Vigo son escasos.

As obras deste inmovible fanse, en primeiro lugar, para recuperar como espazo público un inmovible simbólico e referencial para Vigo e Galicia, unha xoia da arquitectura civil de Galicia pechado desde 2001 e, tamén, en segundo lugar, para contar cun proxecto cultural de envergadura e continuidade no tempo na cidade de Vigo, liderado pola Xunta de Galicia en colaboración coa Deputación Provincial de Pontevedra.

Con esta acción, ambas as dúas institucións amosan o seu compromiso tanto coa cidade de Vigo coma coa cultura de Galicia.

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dados os intereses comúns e coincidentes das partes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O presente convenio ten por obxecto sentar as bases de colaboración entre as partes asinantes para darlle continuidade as obras do Teatro Cine Fraga, logo da súa adquisición, dotando á cidade de Vigo dun centro de desenvolvemento cultural pioneiro tanto en Galicia coma no noroeste de España, dando cumprimento ao servizo público da cultura en sentido amplo, e tendo en conta a proporción e porcentaxe de titularidade de cada unha das institucións no citado inmovible.

Segunda. Localización e características do Teatro Cine Fraga.



O Teatro Cine Fraga, ideado polo arquitecto Luis Gutiérrez Soto en 1942 está sito na rúa Uruguai, 3-5, esquina Rúa Isabel II de Vigo.

O Teatro Cine Fraga é un ben inmueble incluído no Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia, onde lle correspondería a categoría de monumento, das recollidas no artigo 10 da Lei 5/2016, do patrimonio cultural de Galicia.

A incorporación deste ben inmueble ao Catálogo do Patrimonio Cultural de Galicia realízase ao abeiro do artigo 30 da Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, xa que está incluído, de forma individualmente singularizada, no Catálogo do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a conservar en Vigo (PEEC), aprobado definitivamente o 25/10/1990 (BOP 07/01/1991).

No devandito catálogo do PEEC_1990 ao Teatro Cine Fraga correspóndelle a ficha número 31-6 co grao de catalogación e nivel de protección I (Grao I. Protección Integral). Segundo o artigo 6.3 do Plan Especial e Catálogo Complementario de Edificios, Conxuntos e Elementos a conservar en Vigo, este grao de protección corresponde “aos elementos non substituíbles, de excepcionais valores obxectivos de carácter arquitectónico, histórico, artístico ou típico que, con independencia do seu estado de conservación deben manterse na súa total integridade, con especial respecto científico das súas características singulares e dos elementos ou partes concretas que o compoñen, e ademais debe procurarse a súa recuperación funcional e monumental por todos os medios da técnica”.

Terceira. Obrigas da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Para o cumprimento dos fins deste convenio, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a:

- Realizar ás actuacións derivadas da licitación do proxecto básico e de execución e dirección de obra do inmueble Teatro Cine Fraga cun orzamento de adxudicación de 1.004.345,98 euros (IVE engadido) e de conformidade co programa de necesidades previamente aprobado polas partes. O proxecto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.632.3 do orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, de acordo co seguinte plan financeiro:

Anualidade 2025	Anualidade 2026	Anualidade 2027	Anualidade 2028
164.612,31€	429.759,64€	227.785,67€	182.188,36€

- Obter todas as licencias e permisos, urbanísticos e de calquera tipo, precisos para a realización da obra do Teatro Cine Fraga.



- Licitar e executar a obra do Teatro Cine Fraga cun orzamento máximo de licitación de 19.438.650,00 euros (IVE engadido) de acordo co seguinte plan financeiro:

Anualidade 2026	Anualidade 2027	Anualidade 2028
1.943.865,00€	9.719.325,00€	7.775.460,00€

A obra do edificio financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.632.3 do orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

- Licitar os servizos de dirección de execución material da obra e de coordinación de seguridade e saúde na realización da obra do inmovible Teatro Cine Fraga, cun orzamento máximo de licitación de 382.154,30 euros (IVE engadido) de acordo co seguinte plan financeiro:

Anualidade 2026	Anualidade 2027	Anualidade 2028
38.215,43€	191.077,15€	152.861,72€

Este gasto financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.632.3 do orzamento da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

- Xustificar as achegas a realizar pola Deputación Provincial.
- Facer fronte aos gastos de mantemento, auga, seguridade, etc., en tanto non se remate a obra do Teatro Cine Fraga.

Cuarta. Obrigas da Deputación Provincial de Pontevedra.

A Deputación Provincial de Pontevedra asume as seguintes obrigas:

- Transferir á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o importe de 492.129,53 euros (IVE engadido), correspondente á súa porcentaxe na titularidade do inmovible, para facer fronte aos gastos derivados da licitación do proxecto básico de execución e dirección de obra do edificio Teatro Cine Fraga, con cargo á aplicación 922.3340.632.01 dos seus orzamentos, segundo o seguinte reparto por anualidades:



Anualidade	Anualidade	Anualidade	Anualidade
2025	2026	2027	2028
80.660,03€	210.582,22€	111.614,98€	89.272,30€

- Transferir á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o importe de 9.524.938,50 € (IVE engadido) para facer fronte ás obrigas derivadas da licitación e execución das obras, con cargo á aplicación 922.3340.632.01 dos seus orzamentos, segundo o seguinte reparto por anualidades:

Anualidade 2026	Anualidade 2027	Anualidade 2028
952.493,85€	4.762.469,25€	3.809.975,40€

Unha vez sexa coñecido o importe de adxudicación, e para o caso de que este supoña unha baixa respecto do de licitación, o importe correspondente á baixa aplicarase, no seu caso, para financiar a certificación final de obra na derradeira anualidade.

- Transferir á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude o importe de 187.255,60 € (IVE engadido) para facer fronte ás obrigas derivadas da licitación dos servizos de dirección de execución material da obra e de coordinación de seguridade e saúde na realización de obra do inmobile Teatro Cine con cargo á aplicación 922.3340.632.01 dos seus orzamentos, segundo o seguinte reparto por anualidades:

Anualidade 2026	Anualidade 2027	Anualidade 2028
18.725,56€	93.627,80€	74.902,24€

- A contía correspondente a cada unha das anualidades será ingresada pola Deputación de Pontevedra de acordo co ritmo de execución das actuacións e porcentaxe de cofinanciamento correspondente (49%), no prazo de 30 días dende a data de achega da documentación xustificativa correspondente pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude. Ditos ingresos realizaranse na conta xeral da Xunta de Galicia, c/c. ES82 2080 0300 1006 3172 indicando o concepto e referencia do convenio.
- Designar a unha persoa, coa condición de vogal, para formar parte da Mesa de contratación da obra.

Quinta. Documentación xustificativa necesaria para os pagamentos das achegas e comprobacións materiais das actuacións.



A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude deberá presentar ante a Deputación de Pontevedra a seguinte documentación segundo as fases da actuación:

1. Licitación da redacción do proxecto e dirección de obra:

- Primeira xustificación:
Contrato de redacción de proxecto Básico de execución de Dirección de Obra.
- Xustificacións parciais:
Factura ou facturas, acordo de aprobación da factura e o comprobante do seu pagamento.
- Xustificación final:
Proxecto supervisado, a factura, o acordo de aprobación de factura e o comprobante do seu pagamento.

2. Licitación da execución da obra .

- Primeira xustificación:
 - Acordo ou resolución de aprobación do proxecto.
 - Preparación e adxudicación do contrato de obras.
 - Acta de comprobación do replanteo.
 - Contrato asinado.
 - Licenza e autorizacións sectoriais.
 - Acordo de aprobación da certificación de obra e/ou factura; certificación de obra e factura ou facturas correspondentes e o comprobante do seu pagamento.
- Xustificacións parciais: durante a execución do contrato de obras:
 - Acordo de aprobación da/s certificación/s de obra e/ou factura; certificación de obra e factura ou facturas correspondentes e o comprobante do seu pagamento.
- Xustificación final:
 - Acordo de aprobación da certificación de obra e/ou factura; certificación de obra e factura ou facturas correspondentes e o comprobante do seu pagamento.
 - Informe final da dirección de obra.
 - En caso de habelas, a xustificación das melloras ofertadas.
 - No caso de que a execución do proxecto estivese suxeita ao cumprimento de autorizacións sectoriais que contemplasen a imposición de condicionamentos ou cautelas, o informe da dirección de obra relativo ao efectivo axuste dos investimentos realizados á normativa sectorial.
 - A acta de recepción no que as persoas asinantes estarán debidamente identificadas coa expresión do seu cargo.

3. Contratos de dirección de execución material da obra e coordinación de seguridade.

- Primeira xustificación:



- Contrato de servizos de dirección de execución material da obra e coordinación de seguridade e saúde (DEM e CSS).
- Xustificacións parciais: factura ou facturas, acordo de aprobación da factura e o comprobante do seu pagamento.

A Deputación de Pontevedra, a través dos seus servizos técnicos poderá realizar visitas de comprobación das actuacións realizadas de xeito coordinado cos da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Sexta. Comisión de seguimento.

Establecerase unha comisión de seguimento, control e supervisión, co obxecto de realizar o seguimento das actuacións previstas neste convenio. Esta comisión reunirase cando así o estime oportuno calquera das partes e estará constituída por:

- Presidencia: Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude ou a persoa en quen delegue.
- Vogais: dúas persoas representantes da Deputación Provincial de Pontevedra e dúas persoas representantes da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude.

Sétima. Publicidade e rexistro do convenio.

Nas actuacións de publicidade e difusión relativas ás obras obxecto deste convenio farase mención da colaboración das partes e utilizaranse, cando proceda, os anagramas respectivos, de acordo coa normativa de identidade corporativa que resulte de aplicación.

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Deputación acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

En cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, dentro dos tres meses seguintes á subscrición do convenio, remitirase electrónicamente ao Consello de contas. Igualmente comunicaranse as modificacións, prórrogas ou variacións de prazos, alteración dos importes dos compromisos económicos asumidos e a extinción do convenio.

Oitava. Addendas singulares de desenvolvemento do convenio.

Cada un dos aspectos recollidos neste convenio e outras cuestións adicionais que poidan xurdir directamente relacionadas co seu obxecto, poderán ser obxecto de desenvolvemento e concreción por medio de addendas, que coa mesma consideración xurídica e os mesmos efectos vinculantes, reflectirán os compromisos adicionais que asuman as partes.



Os reaxustes na execución da obra que non supoñan incremento do prazo do convenio ou do importe máximo, non requirirán da autorización do Consello da Xunta, nin addenda a este convenio.

Os maiores importes derivados do proxecto definitivo, os gastos que se deriven da execución dos contratos, das modificacións contractuais, excesos de medicións, revisión de prezos ou liquidacións e calquera outras incidencias corresponderán a ambas partes en proporción á súa porcentaxe na propiedade, e requirirán a realización dunha addenda a este convenio.

Novena. Causas de resolución e efectos.

Son causas de resolución do presente convenio as sinaladas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e, ademais, poderá resolverse por denuncia unilateral de calquera das partes con seis meses de antelación, e en todo caso cos efectos establecidos no artigo 52 da antedita lei, cando concorra algunha das seguintes causas:

- Imposibilidade sobrevida para o seu cumprimento.
- Causas excepcionais que obriguen a modificar substancialmente o seu obxecto.
- Imposibilidade material de execución por circunstancias excepcionais que impidan o cumprimento dos compromisos adquiridos co mesmo.
- Mutuo acordo das partes.

De acordo co establecido no artigo 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público o cumprimento e resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo co obxecto de determinar as obrigas e compromisos das partes.

Décima. Modificación do convenio.

Toda alteración a realizar referente ao contido deste convenio será proposta pola Comisión de seguimento e deberá ser formalizada na correspondente addenda que precisará acordo de todas as partes asinantes, agás o establecido na cláusula oitava.

Décimo primeira. Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais.

As partes asinantes comprométese a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para



garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo segunda. Administración dixital.

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de Organización e Funcionamento da Administración Xeral do Sector Público Autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

Décimo terceira. Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo cuarta. Natureza xurídica e resolución de conflitos.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nestas cláusulas, polo disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.



De acordo co artigo 6.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, este convenio está excluído do ámbito de aplicación da dita normativa.

As partes comprométense a resolver de común acordo calquera controversia que puidese suscitarse sobre a interpretación ou execución deste convenio, someténdoo á comisión de seguimento prevista no mesmo. En caso de persistir o desacordo, someterase á xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da devandita Xurisdición.

Décimo quinta. Duración.

O presente convenio terá unha vixencia de catro anos dende a súa sinatura, sen prexuízo da realización dunha ou sucesivas prórrogas por un período adicional total de ata catro anos.

E en proba de conformidade, as partes asinan dixitalmente este convenio.»

3. Facultar ao Ilmo. Sr. Presidente para a sinatura do Convenio e de cantos documentos sexan necesarios para a súa formalización.
4. Ordenar a súa publicación, unha vez formalizado, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

4.8541.- **APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 7/2025 (EXPTES. 2025075334 - 2025074058)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/Pxx8cm5OeNwbDuBzASc8AzimiriD7Y0DD89Pq0esQguyqh9y>

O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ó Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2025. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/25) por importe de 12.287,75€ e outro de suplementos de créditos (SUP.06/25) por importe de 29.000,00€ e a modificación do Anexo II das bases de execución.



Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente (corresponde á anualidade 2025 das achegas de fondos propios de proxectos cofinanciados), financiándose con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Resultando que a Intervención emite informe de data 14 de novembro de 2025, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 07/2025.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e coas abstencións do PSdeG-PSOE e do BNG:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 07/2025 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/25) por importe de 12.287,75€ e outro de suplementos de créditos (SUP. 06/25) por importe de 29.000,00€. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios “EXT. 06/25”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942.4328.120,51	Soldo func. interinos sen praza, PROX. 2500005 “A.W.A.V.E.S.” _COOPERACIÓN	2.500,00€
942.4328.120,52	Trienios func. interinos sen praza, PROX. 2500005	250,00€



	"A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	
942.4328.120,53	Paga extra func. interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	250,00€
942.4328.121,51	C. Destino Func. Interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.000,00€
942.4328.121,52	C. Específico Func. Interinos sen praza, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.000,00€
942.4328.160,00	Seguridade Social, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	3.000,00€
942.4328.227,06	Estudios e traballos técnicos, PROX. 2500005 "A.W.A.V.E.S." _COOPERACIÓN	2.287,75€
	Total Créditos Extraordinarios...	12.287,75€

Financiamento do expediente Créditos Extraordinarios "EXT. 06/25":

O expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	12.287,75€
	TOTAL...	12.287,75€

2.- Suplementos de Créditos "SUP. 06/25":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
942-1612-227,99	Traballos realizados por outras empresas (Prox. 2500002 Mell. Xestión da auga no ámbito rural Provincia de Pontevedra)_COOPERACIÓN	29.000,00€
	Total Suplementos de Créditos...	29.000,00€

Financiamento do expediente Suplementos de Créditos "SUP. 06/25":

O expediente finánciase con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:



CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Créditos...	29.000,00€
	TOTAL...	29.000,00€

Resumo do expediente:

TOTAL SUPLEMENTOS...	29.000,00€
TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	12.287,75€
SUMA...	41.287,75€

O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	0,00€
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00€
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00€
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00€
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00€
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00€
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00€
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00€
Capítulo 8º Activos financeiros.	41.287,75€
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00€
INGRESOS FINANCEIROS...	41.287,75€
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	41.287,75€

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	10.000,00€
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	31.287,75€
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00€
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00€
Capítulo 6º Inwestimentos reais.	0,00€
Capítulo 7º Transferencias de capital.	0,00€
GASTOS NON FINANCEIROS...	41.287,75€



Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓN POR CAPÍTULOS...	41.287,75 €

3.- Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando as subvencións nominativas seguintes:

Onde se establecía:

340- DEPORTES			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
25/340.3410.489.02	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES DEPORTIVAS	1.370.000,00€	
G36644862	Real Federación Galega de Vela	50.000,00€	Proxecto Rías Baixas Sailing Week

Modifícase polo seguinte:

340- DEPORTES			
APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
25/340.3410.489.02	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES DEPORTIVAS	1.370.000,00€	
G36623346	Monte Real Club de Yates de Baiona	50.000,00€	Proxecto deportivo Rías Baixas Sailing Week

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 07/2025 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 06/25) por importe de 12.287,75€, suplementos de créditos (SUP.06/25) por importe de 29.000,00€, máis as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e



posteriormente pola Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 07/2025, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo.

5.8542.- **PRÓRROGA DO PLAN + PROVINCIA 2024 – LIÑA 1**
(EXPTES. 2023074896 - 2025076648)

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/R2S09bJJ7v85pBBXsYGv67EnVQFQ3Lqu3uNUpCEuXfFg1Oue>

O Plan +Provincia 2024, aprobado polo Pleno da Corporación provincial mediante o acordo núm. 4.8103, de 29 de decembro de 2023, establece na súa base 34.^a que os investimentos incluídos na liña 1 deberán estar executados o 31 de decembro de 2025 e xustificados o 31 de marzo de 2026. Non obstante, na data actual hai 249 investimentos pendentes de xustificar dun total de 426, ademais de encontrárense en trámite diversas actuacións relativas a pagamentos ou á substitución de proxectos subvencionables por outras actuacións que se estiman máis convenientes para os intereses do concello.

Debido a diversos motivos que determinados concellos expuxéronlle a esta Deputación, como a demora na obtención das autorizacións administrativas ou dos permisos necesarios para executar as obras, a reformulación dos proxectos técnicos presentados coas solicitudes como consecuencia do cumprimento das cautelas impostas pola normativa sectorial, a complexidade dos procedementos de licitación dalgúns investimentos, unidos a aqueles que quedaron desertos e que obrigaron a habilitar novos procedementos de contratación, están a impedir cumprir o horizonte temporal recollido nas bases reguladoras para os investimentos acollidos na liña 1.

Ademais, o Plan +Provincia 2024 recolle nas súas bases 28.^a, 29.^a e 30.^a a posibilidade de modificar os acordos e as resolucións de concesión cando concorran circunstancias excepcionais e os reinvestimentos das baixas producidas na mesma obra ou noutra distinta.



A propia natureza dos cambios de finalidade e reformulación dos proxectos técnicos, que se producen de modo excepcional e non poden ser previstos na concesión, así como a tramitación de baixas das que, en principio, non se pode dar conta ata a finalización do procedemento de xustificación do investimento primixenio, implican un horizonte temporal máis longo do que se pode prever na concesión orixinal.

Así mesmo, os procedementos de concesión de subvencións por cambio de finalidade ou por reinvestimento de baixas en novos investimentos supoñen unha tramitación administrativa idéntica ás concesións orixinais, polo que semella difícil poder acometer a concesión de novas subvencións, executar as obras e xustificar as axudas no prazo previsto inicialmente no plan.

A pesar de que non todos os concellos presentaron a solicitude de prórroga, estímase conveniente facerlles extensiva a ampliación do prazo a todos os beneficiarios do plan por canto, en maior ou menor medida, todos experimentaron as mesmas dificultades. Deste modo, garántese a igualdade de trato e de condicións de execución e xustificación dos investimentos subvencionados.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. Conforme se establece na base 2.^a do Plan +Provincia 2024, as axudas que se arbitren a favor dos concellos rexeranse polo recollido nas propias bases reguladoras. Con todo, para o non previsto nelas aplicaranse supletoriamente a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), o Real decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da LXS (RLXS), a Ordenanza xeral de subvencións da Deputación Provincial de Pontevedra e as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Nas bases reguladoras do Plan +Provincia 2024 non se recolle unha previsión expresa respecto da ampliación dos prazos de execución e, no seu caso, de xustificación dos investimentos subvencionados. Non obstante, no artigo 70 do RLXS (de aplicación supletoria) establécese que, salvo precepto en contrario nas bases reguladoras, o órgano concedente da subvención poderá



acordar unha ampliación do prazo de presentación da xustificación que non exceda a metade deste.

As condicións e o procedemento para a concesión da ampliación serán os establecidos no artigo 32 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), no que se estipula que a prórroga, se as circunstancias o aconsellan, deberá producirse antes do vencemento do prazo que se vai ampliar, sempre que non se prexudiquen dereitos de terceiras persoas e sexa por un prazo que non exceda a metade do inicial.

O prazo de presentación das solicitudes de subvención ao abeiro do Plan +Provincia 2024 determinouse na base 10.^a das reguladoras, e está comprendido entre o 3 de xaneiro e o 3 de abril de 2024. O prazo máximo de execución dos investimentos acollidos na liña 1 está regulado na base 34.^a e finaliza o 31 de decembro de 2025.

Ao estimarse xustificada a imposibilidade de realizar as obras subvencionadas no prazo de execución establecido, e tomando como referencia para calcular a prórroga, o prazo do que dispoñían os concellos desde a finalización do prazo de presentación das solicitudes (é dicir, o 3 de abril de 2024, ata o límite máximo de execución previsto nas bases reguladoras, o 31 de decembro de 2025), poderíase estender o prazo de execución ata o 30 de setembro de 2026 e o prazo de xustificación ata o 31 de outubro de 2026.

Segundo. En todo expediente de contido económico conflúen dous tipos de normas: de legalidade substantiva e de legalidade financeira, aplicables ás diferentes actuacións da Administración.

Desde o punto de vista xurídico establécese que todos os actos deben ser sempre adoptados polo órgano competente. Desde o punto de vista económico, como se recolle no Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o órgano competente deberá adoptar os actos de autorización, disposición, recoñecemento da obriga e proposta de pagamento no momento oportuno do procedemento.



A execución dos acordos de concesión e o libramento do crédito implican que previamente as actuacións subvencionadas deben estar rematadas na súa totalidade e xustificadas. Na conxuntura actual isto non será posible se os créditos comprometidos na liña 1 do Plan +Provincia 2024 non se incorporan ao exercicio orzamentario 2026 e non se estende, polo tanto, a vixencia do plan.

De acordo co disposto no artigo 182 do TRLRFL e no 34 e seguintes do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, os créditos do Plan +Provincia 2024 poderíanse incorporar ao orzamento de 2026, logo da tramitación do correspondente expediente de incorporación de remanentes de crédito e unha vez aprobada a liquidación do Orzamento xeral de 2025.

Terceiro. O procedemento de concesión das subvencións no marco do Plan +Provincia 2024 foi o de concorrencia non competitiva, ao abeiro do recollido nas propias bases reguladoras e segundo o disposto no artigo 22 da LXS.

Nun procedemento de concesión de subvencións por concorrencia non competitiva, as solicitudes non requiren dunha valoración comparativa con outras propostas. No caso do Plan +Provincia 2024, a repartición dos incentivos económicos prodúcese con base nunha repartición aprobada polo Pleno, sempre e cando os concellos beneficiarios e as solicitudes presentadas cumpran as condicións establecidas nas bases reguladoras.

En consecuencia, a ampliación dos prazos non lle afecta á asignación do crédito entre os beneficiarios, non produce indefensión, non prexudica dereitos de terceiras persoas nin vulnera o principio de igualdade recollido no artigo 8 da LXS, posto que todos os concellos da provincia se benefician por igual da prórroga e da cooperación administrativa da Deputación.

Cuarto. Segundo a base 3.^a das reguladoras do Plan +Provincia 2024, o órgano competente para aprobar estas bases foi o Pleno da Deputación, polo tanto será o mesmo órgano o competente para autorizar a ampliación do prazo de execución e xustificación dos investimentos acollidos na liña 1.

Visto todo o anterior, considérase que ao cumprirse o recollido en puntos anteriores, debería permitirse a aplicación dos créditos comprometidos dentro



da liña 1 do Plan +Provincia 2024, ata que se cumpran as actuacións subvencionadas, sen exceder, en todo caso, o prazo de execución do 30 de setembro de 2026 e o prazo de xustificación do 31 de outubro de 2026, dado que o aconsellan as circunstancias e non se prexudican dereitos de terceiras persoas.

Á vista dos antecedentes e consideracións expostas; con base na documentación relativa ao citado plan que obra no expediente, e de acordo cos informes do xefe do Servizo de Cooperación (CSV: VZVWF2SJ272IX5AG) e da Intervención provincial (CSV: 2BWNKOIQXYQ5V8YY) nos que se lles presta conformidade á proposta do Servizo de Cooperación, e visto o ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Transfronteiriza e de Coordinación das Emerxencias Provinciais (CSV: OGDBE9JAUTNYM29X); de conformidade cos artigos 33 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e 70 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o Pleno acorda por unanimidade:

1.º. Prorrogar o prazo para solicitar as subvencións por cambios de finalidade ou reinvestimento de baixas ao abeiro do Plan +Provincia 2024, Liña 1, Investimentos, ata o 31 de maio de 2026.

2.º. Prorrogar o prazo de execución dos investimentos incluídos na Liña 1, Investimentos, do Plan +Provincia 2024 ata o 30 de setembro de 2026.

3.º. Prorrogar o prazo de xustificación dos investimentos incluídos na Liña 1, Investimentos, do Plan +Provincia 2024 ata o 31 de outubro de 2026.

6.8543.- **CAMBIO DE TITULARIDADE E POSTERIOR ENTREGA AO CONCELLO DE PONTE CALDELAS DO TREITO FINAL DA EP-0203 CARITEL - ANCEU (EXPTE. 2024008791)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/A9tMhS0I4gxgv1SZZIDimKlG8wvr1CPTsIryzxhQjoMwQAic>



Antecedentes.

O Concello de Ponte Caldelas presentou o día 22 de outubro de 2025 no Rexistro Xeral da Deputación de Pontevedra (nº de rexistro 2025019837) unha solicitude para a transferencia do treito da estrada provincial EP-0203 Caritel – Anceu comprendido entre os puntos quilométricos 2+460 e 3+541.

O 5 de novembro de 20205 os Servizos Técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais informaron favorablemente o cambio de titularidade a prol do Concello de Ponte Caldelas do treito da estrada provincial EP-0203 Caritel – Anceu comprendido entre os puntos quilométricos 2+460 e 3+541.

Consideracións:

1ª Lexislación aplicable.

- Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia (en diante, LEG).
- Decreto 66/2016, de 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia (en diante, RXEG).
- Lei 13/1989, de 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común de Galicia (LMMCG).
- Lei 6/2023, de 2 de novembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia (LPG).
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local (LBRL).
- Regulamento de bens das entidades locais, aprobado por Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño (RBEL).
- Lei 39/2015, e 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (en diante LPACAP).
- Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro (en diante, ROF).
- Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional.

2ª. Motivación.

No informe técnico estímase o valor patrimonial das vías obxecto de transferencia en un millón trescentos cincuenta e un mil douscentos cincuenta euros (1.351.250,00€) e mótvanse os cambios de titularidade de acordo co



disposto no preámbulo e no artigo 9 da LEG e no artigo 18 do RXEG. Así, sinalase que:

“O treito final da EP-0203 Caritel-Anceu, comprendido entre o PQ 2+460 e o PQ 3+541, trátase dun treito de estrada que, pola súa tipoloxía, características técnicas e funcionalidade, é totalmente asimilable ao viario urbano ou rúas de titularidade municipal ao servizo da mobilidade interior de tipo local.

As características físicas do treito a transferir confirman esta funcionalidade eminentemente local. Este treito de viario é, na súa maior parte, estreito e de carril único, de anchura total aproximada duns 6 metros. Presenta edificacións tradicionais consolidadas moi próximas á calzada, propias dun asentamento de tipo rururbano.

Ademais, a súa situación física e o seu contorno inmediato, que inclúe un cemiterio municipal, a Igrexa Parroquial de Santo Andrés de Anceu e a Casa do Pobo de Anceu, testemuñan a súa integración como viario interior do núcleo de poboación de Anceu, perdendo o seu carácter e funcionalidade de conexión viaria interurbana.

Dada esta realidade física e funcional, e seguindo o disposto no preámbulo e no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia, este treito xa non cumpre a función vertebradora propia dunha estrada provincial nin de servizo para as comunicacións interurbanas.

Segundo o antedito, esta proposta de cambio de titularidade está plenamente xustificada, xa que se trata dun treito final e a súa transferencia non implica a interrupción da continuidade viaria do itinerario provincial. Desta maneira, dáse cumprimento ao previsto no apartado 11 do artigo 18 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Estradas de Galicia, mantendo a coherencia e funcionalidade do sistema viario.

Con este cambio de titularidade, o Concello de Ponte Caldelas poderá garantir un mellor mantemento e explotación deste treito de estrada, con carácter e funcionalidade municipal, adaptándoo mellor á súa realidade funcional e facilitando un control máis directo para a seguridade viaria da veciñanza.

Por todo o anterior, infórmase favorablemente ao cambio de titularidade do treito final da estrada provincial EP-0203 Caritel-Anceu, comprendido dende o PQ 2+460 ata o PQ 3+541, a prol do Concello de Ponte Caldelas, de acordo co disposto no artigo 9 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de Estradas de Galicia e o artigo 18 do Decreto 66/2016, do 26 de maio, atendendo a que o treito cumpre as características funcionais e técnicas propias dun viario municipal e mantén a continuidade viaria prevista no artigo 18.11 do citado Regulamento”.



3ª Administración competente para a aprobación do cambio de titularidade e procedemento.

Os artigos 9.4 da LEG e o 18.1 do RXEG establecen que os cambios de titularidade de estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos destas que estean incluídos no inventario de travesías da súa administración titular, deberán ser aprobados por Decreto da Xunta de Galicia, logo do acordo das administracións afectadas.

De acordo co artigo 9.6 da LEG as resolucións ou os decretos polos que se aproben os cambios de titularidade de estradas obxecto da dita Lei deberán publicarse no Diario Oficial de Galicia e serán efectivos ao día seguinte da súa publicación naquel.

A lexislación de réxime local non regula especificamente a transmisión da titularidade de bens e dereitos demaniais sen desafectación recollida no capítulo V da Lei 6/2023, de 2 de novembro, do Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia aplicable ás entidades locais segundo dispón a súa disposición adicional segunda sen que recolla ningunha previsión sobre os órganos competentes das entidades locais para acordar a transmisión e a aceptación da transmisión.

O artigo 33.2.ñ) da LBRL establece que lle corresponden ao Pleno as atribucións que esixan para a súa aprobación unha maioría especial. De acordo co artigo 47.2.ñ) precísase quórum de maioría absoluta do número legal de membros das corporacións locais para a adopción de acordos de cesión gratuíta de bens das entidades locais.

Igualmente, de acordo co artigo 70.14 do ROF, correspóndelle ao Pleno a adquisición de bens e toda transacción sobre os mesmos, así como o seu alleamento e calquera outro acto de disposición incluída a cesión gratuíta a outras administracións.

Conforme ao disposto nos artigos 3.3.a) e 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, son preceptivos os informes da Secretaría e da Intervención. A Secretaría



Xeral emitiu informe favorable en data 12 de novembro de 2025. O Servizo de Intervención emitiu informe favorable en data 13 de novembro de 2025.

Polo indicado, o Pleno, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por unanimidade:

Primeiro.- Aprobar o cambio de titularidade a favor do Concello de Ponte Caldelas do treito da estrada provincial EP-0203 Caritel–Anceu comprendido entre os puntos quilométricos 2+460 e 3+541.

Segundo.- Trasladar o expediente á Xunta de Galicia para a súa tramitación segundo o disposto nos artigos 95 da LEG e 18 e seguintes do RXEG.

Terceiro.- Facultar ao Presidente da Deputación de Pontevedra para a sinatura da acta de entrega ao Concello.

7.8544.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR (PP) PARA ESIXIR A DIMISIÓN INMEDIATA DA MINISTRA DE IGUALDADE POLOS FALLOS DAS PULSEIRAS ANTIMALTRATO, QUE AFECTOU DIRECTAMENTE A VÍTIMAS DA PROVINCIA, E INSTAR AO GOBERNO A QUE LEVE A CABO UNHA AUDITORÍA URGENTE SOBRE OS FALLOS DO SISTEMA COMETA (EXPTE. 2025075615)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/1YMmTgu5mXxxHzrFjF19lyfUV8nbNoQsD4cBkaAKMbbmRDJe>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda por maioría, cos votos a favor do PP e cos votos en contra do PSdeG-PSOE e do BNG, aprobar a Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para esixir a dimisión inmediata da Ministra de Igualdade polos fallos das pulseiras antimaltrato, que afectou directamente a vítimas da provincia, e instar ao Goberno a que leve a cabo unha auditoría urxente sobre os fallos do Sistema Cometa.



Dita Moción é a seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia contra as mulleres en todas as súas manifestacións —violencia de xénero, violencia sexual, prostitución e trata con fins de explotación sexual— constitúe a expresión máis inaceptable de desigualdade nunha sociedade democrática como a nosa.

A protección das vítimas e a defensa da súa dignidade debe ser unha prioridade innegociable de todas as institucións.

O sistema de dispositivos telemáticos de control coñecido como COMETA é unha das principais ferramentas para garantir a seguridade das mulleres vítimas de violencia de xénero e violencia sexual, ao permitir a vixilancia efectiva do cumprimento das medidas xudiciais de afastamento.

Con todo, tralo cambio do prestador do servizo en 2023, detectáronse fallos graves na migración de datos e no funcionamento dos dispositivos, o que supuxo a perda de información histórica, problemas de localización e cobertura, e mesmo casos nos que os agresores puideron quitarse as pulseiras sen dificultade.

Tal e como denunciaron fiscalías especializadas, sindicatos policiais, xuíces de violencia sobre a muller e avogados e avogadas especializados/as en violencia de xénero, estas incidencias provocaron sobresementos provisionais, absolucións de agresores e unha grave desprotección das vítimas.

O propio Observatorio de Violencia do CGPJ advertiu no seu día do risco de adxudicar o contrato a empresas sen experiencia suficiente neste ámbito.

Ademais, a xestión política desta crise por parte do Ministerio de Igualdade foi claramente insuficiente. Tentáronse minimizar os problemas falando de incidencias “puntuais”, cando en realidade prolongáronse durante meses e puxeron en risco a miles de mulleres, a última o pasado 11 de novembro, cando o propio Ministerio de Igualdade recoñeceu outro novo erro no sistema nos dispositivos telemáticos de protección ás vítimas.



A esta situación súmase un contexto de absoluta falta de exemplaridade por parte do Goberno de Pedro Sánchez, cuxo Executivo se viu salpicado por escándalos sexuais e condutas impropias que provocaron a indignación social e o descrédito institucional.

A credibilidade do Executivo en materia de igualdade e protección das mulleres está gravemente comprometida. Non se pode esixir confianza nun Goberno que abandona ás vítimas con dispositivos que fallan, á vez que se ve manchado por escándalos de natureza sexual que agravan aínda máis a sensación de desprotección e impunidade.

A gravidade dos feitos esixe explicacións públicas, depuración de responsabilidades e, sobre todo, garantías de que o sistema COMETA funcione cos máis altos estándares de seguridade e eficacia.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

1. Solicitar a dimisión inmediata da Ministra de Igualdade como máxima responsable política da xestión negligente do sistema COMETA e da desprotección de miles de mulleres vítimas de violencia de xénero e violencia sexual.
2. Esixir ao Goberno de España a contratación inmediata dunha auditoría externa, independente e transparente sobre o contrato, funcionamento e fiabilidade do sistema COMETA, incluíndo tanto a fase de adxudicación como a de implantación e o período actual de servizo.
3. Instar ao Ministerio de Igualdade e ao Ministerio do Interior para publicar de maneira inmediata e detallada todos os datos relativos aos fallos do sistema que tivesen incidencia directa na provincia de Pontevedra incluíndo:
 - Número de vítimas afectadas da provincia de Pontevedra.
 - Número de procedementos xudiciais alterados ou sobreseídos na provincia de Pontevedra.



- Tipoloxía de fallos detectados (localización, cobertura, manipulación de dispositivos, etc.)
- Duración real das incidencias e protocolos de resposta activados.”

8.8545.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA ESIXIR DA DEPUTACIÓN A REVERTER OS RECORTES NA ÁREA DE IGUALDADE E OUTROS ACORDOS COMPLEMENTARIOS (EXPTE. 2025075625)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/wpXJwfySatZhyfWP3Njxas4QtLOyCxLa5dkhqU9J6aBKstGy>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Igualdade, Políticas Sociais, Familia e Reto Demográfico, acorda por maioría de votos en contra do PP, e cos votos a favor do PSdeG-PSOE e do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación a reverter os recortes na área de Igualdade e outros acordos complementarios.

9.8546.- **MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL SOCIALISTA (PSdeG-PSOE) PARA A SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA Á DEPUTACIÓN DA TITULARIDADE DE VARIOS VIARIOS MUNICIPAIS (EXPTE 2025075624)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/XVaESQnwXE5ao8rHnY1DHMEqk5TVq1jXmIN1zOlhn4A3fjAU>

O Pleno, visto o ditame da Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade, acorda por maioría de votos en contra do PP, cos votos a favor do PSdeG-PSOE e coas abstencións do BNG, rexeitar a Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para a solicitude de transferencia á Deputación da titularidade de varios viarios municipais.

10.8547.- **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**



Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/imC8G39HKKu3mSqOZFCHsvrhx7wPoLehkXMgZfT0yl7Lt02f>

Non houbo.

b) Parte de información e control:

11.8548.- **DAR CONTA DO INFORME DE INTERVENCIÓN DO PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES CORRESPONDENTE Ó MES DE OUTUBRO DE 2025 (EXPTES. 2025075335 - 2025073555)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/ufsg9413fx1iDHLV0sgWGFMPeqrl8fviKQOBKQNb4bRhoAV>

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de outubro de 2025, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 7 de novembro de 2025, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.



O artigo 6 do Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior.

Á vista deste precepto legal o Servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de outubro de 2025 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES OUTUBRO 2025

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Outubro	13,9900000000	6.660.854,29	14,5000000000	2.408.956,82	14,1254568428
Escola de Enfermería	Outubro	2,0100000000	2.701,83	0,0000000000	0,00	2,0100000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Outubro	4,1900000000	50.774,31	0,0000000000	0,00	4,1900000000
Consorcio Deza Tabeirós	Outubro	5,1100000000	5.117,57	11,0000000000	3.417,72	7,4684870344
TOTAL			6.719.448,00		2.412.374,54	14,0604075019

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.”

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, na sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025 tomou coñecemento do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

De conformidade co disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas, o Pleno



queda enterado do contido do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2025 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial contra incendios e salvamento e do Consorcio contra incendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes.

12.8549.- **DAR CONTA DA ACTA DO XURADO NA QUE SE OUTORGA O PREMIO OTERO PEDRAYO 2025 (EXPTE. 2025076348)**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/MW6X3JXjsCxoPUeY66gKiBdBMh2J5tqYuT2hfVWmlrilHXgZ>

Dada conta da acta do xurado do Premio Otero Pedrayo 2025, da reunión mantida o día 13 de novembro de 2025 e de conformidade co establecido no apartado 5.3 das bases do Premio Otero Pedrayo 2025, o Pleno toma coñecemento da mesma que ten o seguinte teor literal:

“ACTA DO XURADO DO PREMIO OTERO PEDRAYO 2025

Na Sala de Xuntas da Deputación Provincial de Pontevedra, sendo as dez horas e trinta minutos do día trece de novembro de 2025, reúnese o xurado do “Premio Otero Pedrayo 2025” baixo a presidencia de D. Anxo Manuel Lorenzo Suárez, por delegación do Presidente da Xunta de Galicia e coa asistencia do vicepresidente D. Luis López Diéguez, Presidente da Deputación de Pontevedra e dos seguintes vogais:

D. Valentín García Gómez, por delegación do Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude; Dona Natividad de Jesús González Rodríguez, en representación da Deputación da Coruña; Dona Iria Castro Fernández, en representación da Deputación de Lugo; Don César Manuel Fernández Gil, en representación da Deputación de Ourense; D. Jorge Cubela López; en representación da Deputación de Pontevedra; Dona María del Pilar Murias Fernández, en representación da Universidade de Santiago de Compostela; D. Alfonso Caride Losada, en representación da Universidade de Vigo; D. Manuel Ferreiro Fernández, en representación da Universidade da Coruña; Dona Fina Casalderrey Fraga, en representación da Real Academia Galega; D. Pablo S. Otero Piñeyro Maseda, en representación do Instituto de Estudos Galegos “Padre Sarmiento”; D. José Eduardo López Pereira, en representación da Fundación Otero Pedrayo; D. Luis González Tosar, designado pola Xunta de Galicia; Don Manuel Pena Villar, designado pola Deputación da Coruña; D. Xosé Brais García Fernández, designado pola Deputación de Lugo; D. José César Llana Rodríguez, designado pola Deputación de Ourense e D. Antonio Santos Guerra, designado pola Deputación de Pontevedra.



Asiste como secretario e da fe do acto Don Carlos Cuadrado Romay, Secretario xeral da Deputación de Pontevedra.

Iniciada a reunión toma a palabra o presidente do xurado para agradecer a presenza das persoas integrantes do mesmo, lembrando o carácter rotatorio do premio e que nesta edición de 2025 lle corresponde organizar á Deputación de Pontevedra.

Seguidamente, toma a palabra o vicepresidente do xurado e Presidente da Deputación de Pontevedra, quen lles dá a benvida aos asistentes a esta reunión na presente edición do premio.

Pásase a continuación a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1º.- Constitución do xurado do Premio Otero Pedrayo 2025.

Pola Presidencia dáse por constituído o xurado por canto asisten todas as persoas membros do mesmo que se relacionan anteriormente.

2º.- Estudo das propostas presentadas e emisión do ditame do xurado.

O presidente do xurado cédelle a palabra ao secretario para que dea conta das propostas que foron presentadas no prazo establecido nas bases da convocatoria.

Por parte do secretario dáse conta de que, dentro do prazo de tres meses establecido nas bases da convocatoria (Base 4.2) do Premio Otero Pedrayo 2025, publicadas no BOPPO núm. 45 de 6 de marzo de 2025, recibíronse as seguintes propostas:

- O 3 de abril de 2025 a Asociación Oral (Oralidade, Rima, Arte e Lingua de Galicia), con NIF G-36 845 428, presentou unha proposta a favor de Domingo Blanco Pérez, doutor en Filoloxía e catedrático de Lingua e Literatura Española desde 1974, un dos maiores estudosos e investigadores da improvisación poética galega, máis coñecida como regueifa ou brindo, con diversas publicacións neste eido.
- O 18 de marzo de 2025 a Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón, con NIF G-36 361 434, presentou unha proposta a favor da propia asociación, tendo en conta as publicacións e as múltiples iniciativas, actividades e eventos realizados nos últimos 25 anos a prol da cultura e o patrimonio material e inmaterial galego, segundo unha recensión histórica e relación de tarefas levadas a cabo por esta.
- O 21 de maio de 2025, a Editorial Galaxia, S.A., con NIF A-36 603 314, presentou unha proposta a favor de si mesma no seu 75 aniversario como institución cultural a prol da lingua e da cultura galegas.



- O 23 de maio de 2025 a Asociación de Gaiteiros Galegos, con NIF G-15 208 358, presenta unha proposta a favor de Antón Santamarina Fernández pola súa inxente contribución ao estudo e preservación da cultura galega, en particular da lingua e da música, campos nos que realizou obras capitais.

A continuación toma a palabra o presidente do xurado para preguntarlles ás persoas membros do mesmo se teñen vontade de presentar neste intre algunha candidatura, facendo uso da previsión contida na base 3.2 das reguladoras da convocatoria.

Toma a palabra D. Jorge Cubela López, deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra para propoñer a candidatura da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, entrégaselles a todas as persoas integrantes do xurado un breve dossier acreditativo dos méritos da candidatura e fai unha breve exposición da súa traxectoria artística.

Na quenda de intervencións, toma a palabra Dona Fina Casalderrey Fraga, Iria Castro Fernández e Luis González Tosar, que fan un repaso das distintas candidaturas e poñen en valor os méritos das diferentes candidaturas presentadas.

Despois das intervencións, o presidente do xurado lembra as candidaturas admitidas a votación:

- D. Domingo Blanco Pérez.
- Asociación Amigos do Museo Casa do Patrón.
- Editorial Galaxia, S.A.
- D. Antón Santamarina Fernández.
- Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra.

A continuación sométense a votación secreta todas as candidaturas e o resultado é o seguinte:

PROPOSTAS PRESENTADAS E ADMITIDAS	VOTOS OBTIDOS
Domingo Blanco Pérez	0 votos
Asoc. Amigos do Museo Casa do Patrón	0 votos
Editorial Galaxia, S.A.	2 votos
Antón Santamarina Fernández	6 votos
Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra	10 votos

Unha vez comprobado o resultado da votación, o presidente do xurado procede a proclamar a candidatura proposta pola Deputación de Pontevedra, que é a Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra, como a gañadora do Premio Otero Pedrayo 2025.

Pecha a reunión o presidente do xurado Anxo Manuel Lorenzo Suárez para agradecer novamente a participación de todas as persoas que integran o mesmo, poñer en valor todas



as propostas presentadas e a importancia deste recoñecemento que une a tantas entidades na defensa e promoción da nosa cultura.

E non sendo outro o obxecto da reunión, pola Presidencia dáse por concluído o acto, sendo as once horas e trinta minutos do indicado día, e asinando esta acta por todos os asistentes, do que eu, como Secretario dou fe.”

13.8550.- **DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS PRESIDENCIAIS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/8NFrWeED7LGSJFt7r8N8JgJ5AHIBmiGn6bbW8X2FqcmK8cZC>

Queda enterado o Pleno das seguintes:

- a) Relación de extractos de Resolucións Presidenciais rexistradas electrónicamente do mes de outubro de 2025.
- b) Relación de extractos de Resolucións do ORAL do mes de outubro de 2025.

14.8551.- **ROGOS E PREGUNTAS**

Acceso ás intervencións:

<https://depontevedra.seneca.tv:443/s/d6OHD43ZOCsqNSZ5WfONniI8Kv21Qna9mLOOfolYH6KvB60v>

Sr. Presidente.- Rogos e preguntas. Non sei se hai rogos e preguntas. Ten a palabra don Gregorio Agís.

Sr. Agís Gómez.- A ver, é un rogo que creo que de procedemento. É dicir, o Presidente pode falar cando queira, ten esa liberdade que lle outorga a normativa.

Sr. Presidente.- ¿Cal é o rogo?

Sr. Agís Gómez.- O que digo é que si nos referimos desde a Presidencia a alguén do público que non pode falar ...



Sr. Presidente.- ¿Cal é o rogo?

Sr. Agís Gómez.- Esa, estou facendo o rogo, é dicir, que se nos diriximos á xente que está no público, que non pode falar, non nos pode interpelar, sobre todo sendo cargos institucionais, que non se debe facer, debe dirixirse aos deputados que teñen un mecanismo de resposta, porque os alcaldes ...

Sr. Presidente.- Pero, ¿o rogo cal é?, que non acabo de entender.

Sr. Agís Gómez.- O que digo, que non se dirixa directamente a nadie que estea no público, porque non pode falar, non lle pode interpelar, ten que calarse, ¿non?. Entón, nese sentido creo que o educado, o razonable, é non dirixirse.

Sr. Presidente.- Por parte do Bloque Nacionalista, María Manuela Rodríguez Pumar.

Sra. Rodríguez Pumar.- Quería formular dúas preguntas. Unha é sobre a sinatura do convenio co Concello de Vigo para financiar a piscina de Teis, queríamos saber cando se vai asinar, que debería facerse canto antes, pola premura que iso ten, en lugar de seguir demorando o acordo por esa especie de desexo caprichoso ...

Sr. Presidente.- Pregunta, pregunta, a ver a pregunta.

Sra. Rodríguez Pumar.- ... a fotografía con Abel Caballero, que non fai falta, a foto non fai falta, que se asine.

Sr. Presidente.- Espera, espera, espera, a ver, que, volvo, é que claro, é que vós non estabades aquí nos anteriores mandatos e non o entendedes, pero aplicade a fórmula do regulamento que aprobou o Bloque Nacionalista Galego e o PSOE, pregunta, simplemente é o que vos pido, ¿vale? Grazas. ¡Pero se aplicaba a unha rajatabla!. Pulsa, por favor. Ten a palabra para formular outra pregunta María Manuela Rodríguez Pumar, espera, espera, espera.

Sra. Rodríguez Pumar.- E sobre as actuacións de canalización de pluviais e seguranza viaria na EP-2703 na altura do barrio da Ponte, que xa se fixo un



rogo no seu día, pasaron por alí os técnicos pero ao final non se fixo nada, e quería saber se se vai a facer actuacións ou non nese tramo dunha estrada que pasa por Ponteareas, directa a Pazos de Borbén.

Sr. Presidente.- ¿Esto é en Ponteareas?

Sra. Rodríguez Pumar.- Si, barrio da Ponte, en Ponteareas, nesa estrada.

Sr. Presidente.- Vale. Moitas grazas. Bueno, pois damos por finalizado este pleno ordinario e quedamos emprazados mínimo para o ordinario do mes de decembro. Moitas grazas.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente, sendo as catorce horas e trinta e sete minutos do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente Acta, que asinará o Ilmo. Sr. Presidente comigo, o Secretario, que dou fe.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á acta da presente sesión do Pleno desta Deputación do 28 de novembro de 2025 o arquivo audiovisual resultante da gravación da sesión, co nome “Pleno ordinario 28-novembro-2025”, que se conserva nos servidores desta Corporación, garantíndose a súa autenticidade e integridade co seguinte código de integridade SHA512 -
ccca4b7248a075488f22c2e5a07743a2520518d7777809a4336570fb3e5d403383
2cdd852276bd4f1e06d30f49c4f3a09dae8e9b2e12f105aafec471ae000325
xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

No soporte audiovisual quedan recollidas as intervencións as/os señoras/es deputadas/os que participaron nas deliberacións a modo de diario da sesións. O arquivo audiovisual pode consultarse no portal web corporativo da Deputación de Pontevedra e na URL directa:
<https://depontevedra.seneca.tv:443/watch?id=NDk5NmU3ODctZGE2YS00YjE1LWI4ZTYtNzliYTY4MTA1MjMy>

- Minutaxe -----



- 00:00:01 - Asistentes : Luis López Diéguez, Luis; Secretario; Interventor;
Guisasola Padín, Marcos; Tourís Romero, Javier; Castillo Amigo,
Juan Pablo; Bouzós Barros, Paula; Martínez Chantada, Ricardo;
Álvarez Carrero, Roberto José; Vázquez Almuíña, Jesús; Cachafeiro
Anta, Belén; Lorenzo Alonso, Manuel Alejandro; Ramallo Vázquez,
María Pilar; Domínguez Artime, Rafael; Cubela López, Jorge;
Sánchez Méndez, Luisa María; Rivas Gómez, Digna Rosa; Iglesias
González, Ana Laura; Agís Gómez, Gregorio Luís; Ferreira
González, Paco; Mejías Sacaluga, Ana María; Gómez Díaz, Gorka;
Gómez Prado, Carlos; Iglesias Mougán, Javier; Rodríguez
Rodríguez, Nuria; Rodríguez Pumar, María Manuela; Ortega Iñarrea,
María; Lomba Rodríguez, Beatriz
- 00:10:47 - López Diéguez, Luis
- 00:10:58 : 1. Aprobación dos borradores das actas das anteriores sesións
ordinaria de 31 de outubro e extraordinaria de 7 de novembro.
- 00:11:15 : 2. Aceptación da encomenda de xestión das tarefas de apoio e
asistencia técnica na contratación das actuacións de mellora de
eficiencia enerxética na fachada do edificio do Centro Asociado á
UNED de Pontevedra e aprobación do Convenio regulador da mesma
(Exptes. 2025075566 - 2021054415).
- 00:11:45 - Cubela López, Jorge
- 00:14:15 - López Diéguez, Luis
- 00:14:24 - Ortega Iñarrea, María
- 00:19:12 - López Diéguez, Luis
- 00:19:16 - Cubela López, Jorge
- 00:21:08 - López Diéguez, Luis
- 00:21:14 - Ortega Iñarrea, María
- 00:23:47 - López Diéguez, Luis
- 00:23:52 - Cubela López, Jorge
- 00:25:53 - López Diéguez, Luis
- 00:26:04 - López Diéguez, Luis
- 00:26:40 : 3. Convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura,
Lingua e Xuventude e esta Deputación para a continuación das
obras no Teatro Fraga de Vigo (Exptes. 2025075331 - 2025073334).
- 00:26:55 - Sánchez Méndez, Luisa
- 00:31:51 - López Diéguez, Luis
- 00:31:57 - Rodríguez Pumar, María Manuela
- 00:35:13 - López Diéguez, Luis
- 00:35:18 - Iglesias González, Ana Laura
- 00:39:40 - López Diéguez, Luis
- 00:39:46 - Sánchez Méndez, Luisa
- 00:42:22 - López Diéguez, Luis



- 00:42:33 - Rodríguez Pumar, María Manuela
00:44:38 - López Diéguez, Luis
00:44:42 - Iglesias González, Ana Laura
00:49:30 - López Diéguez, Luis
00:49:34 - Sánchez Méndez, Luisa
00:51:56 - López Diéguez, Luis
- 00:52:20 : 4. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos
número 7/2025 (Exptes. 2025075334 - 2025074058).
00:52:34 - Cubela López, Jorge
00:53:36 - López Diéguez, Luis
00:53:44 - Iglesias González, Ana Laura
00:53:59 - López Diéguez, Luis
00:54:56 - Iglesias González, Ana Laura
00:56:56 - Cubela López, Jorge
00:58:02 - López Diéguez, Luis
00:58:07 - Iglesias González, Ana Laura
01:00:20 - López Diéguez, Luis
01:00:24 - Cubela López, Jorge
01:02:49 - López Diéguez, Luis
- 01:04:04 : 5. Prórroga do Plan + Provincia 2024 ? LIÑA 1 (Exptes. 2023074896
- 2025076648).
- 01:04:30 : 6. Cambio de titularidade e posterior entrega ao Concello de
Ponte Caldelas do treito final da EP-0203 Caritel - Anceu (Expte.
2024008791).
- 01:04:48 : 7. Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para esixir
a dimisión inmediata da Ministra de Igualdade polos fallos das
pulseiras antimaltrato, que afectou directamente a vítimas da
Provincia, e instar ao Goberno a que leve a cabo unha auditoría
urxente sobre os fallos do sistema COMETA (Expte. 2025075615).
01:05:10 - Sánchez Méndez, Luisa
01:09:58 - López Diéguez, Luis
01:10:03 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:15:15 - López Diéguez, Luis
01:15:30 - Iglesias González, Ana Laura
01:17:09 - Iglesias González, Ana Laura
01:20:36 - López Diéguez, Luis
01:20:53 - Sánchez Méndez, Luisa
01:24:02 - López Diéguez, Luis
01:24:16 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:27:49 - López Diéguez, Luis
01:28:06 - López Diéguez, Luis



01:28:55 - Iglesias González, Ana Laura
01:32:02 - López Diéguez, Luis
01:32:11 - Sánchez Méndez, Luisa
01:34:26 - López Diéguez, Luis

01:36:10 : 8. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para esixir da Deputación a reverter os recortes na área de igualdade e outros acordos complementarios (Expte. 2025075625).

01:36:23 - López Diéguez, Luis
01:36:26 - Iglesias González, Ana Laura
01:41:43 - López Diéguez, Luis
01:41:48 - Rodríguez Pumar, María Manuela
01:46:53 - López Diéguez, Luis
01:47:04 - López Diéguez, Luis
01:47:08 - Bouzós Barros, Paula
01:47:25 - López Diéguez, Luis
01:47:34 - Ramallo Vázquez, María Pilar
01:52:40 - López Diéguez, Luis
01:52:54 - Iglesias González, Ana Laura
01:55:59 - López Diéguez, Luis
01:56:15 - Ramallo Vázquez, María Pilar
01:59:26 - López Diéguez, Luis
01:59:36 - Iglesias González, Ana Laura
02:01:43 - Iglesias González, Ana Laura
02:01:47 - López Diéguez, Luis

02:02:08 : 9. Moción do Grupo Provincial Socialista (PSdeG-PSOE) para a solicitude de transferencia á Deputación da titularidade de varios viarios municipais (Expte. 2025075624).

02:02:23 - Agís Gómez, Gregorio Luís
02:06:50 - López Diéguez, Luis
02:06:56 - Ortega Iñarrea, María
02:08:53 - López Diéguez, Luis
02:09:01 - Cubela López, Jorge
02:14:29 - López Diéguez, Luis
02:14:35 - Agís Gómez, Gregorio Luís
02:17:53 - López Diéguez, Luis
02:17:56 - Cubela López, Jorge
02:21:43 - López Diéguez, Luis
02:23:48 - Agís Gómez, Gregorio Luís
02:23:51 - López Diéguez, Luis
02:24:24 - Agís Gómez, Gregorio Luís
02:27:21 - López Diéguez, Luis
02:27:31 - López Diéguez, Luis



02:33:18 : 10. Asuntos fóra da orde do día.

02:33:25 : 11. Dar conta do informe de Intervención do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de outubro de 2025 (Exptes. 2025075335 - 2025073555).

02:33:37 : 12. Dar conta da Acta do Xurado na que se outorga o Premio Otero Pedrayo 2025 (Expte. 2025076348).

02:33:48 : 13. Dar conta das Resolucións Presidenciais.

02:34:09 : 14. Rogos e preguntas.

02:34:19 - López Diéguez, Luis

02:34:23 - Agís Gómez, Gregorio Luís

02:35:13 - López Diéguez, Luis

02:35:21 - Rodríguez Pumar, María Manuela

02:35:37 - López Diéguez, Luis

02:35:47 - López Diéguez, Luis

02:36:25 - Rodríguez Pumar, María Manuela

02:36:51 - López Diéguez, Luis

02:37:50 : [FIN]

-- O --

